

Declaración de interese para NOVOS títulos de GRAO que se implanten no curso 2021/2022

Normativa reguladora máis relevante: [RD 1393/2007](#) polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo [RD 861/2010](#); [Decreto 222/2011](#) polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia modificado polo [Decreto 161/2015](#), [Orde do 20 de marzo de 2012](#) pola que se desenvolve o Decreto 222/2011 e Acordo do Consello de Goberno do 22 de xaneiro de 2020.

Denominación do título de GRAO proposto	Grao Dual en Enxeñería da Automoción
Centro de impartición na UVIGO	Escola de Enxeñería Industrial
Obxectivos do título	
Data da xunta de centro na que se aproba a proposta	19 de decembro de 2019
Persoa de contacto no centro	Nome: Juan E. Pardo Froján
	Email: jpardo@uvigo.es
	Teléfono: 986812210
É a proposta un título de GRAO ligado a competencias profesionais reguladas	<input checked="" type="checkbox"/> Non
	<input type="checkbox"/> Si, indicar profesión regulada:
Cumpre os requisitos xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais?	<input type="checkbox"/> Non Trátase dunha nova modalidade
	<input type="checkbox"/> Si Indicar cales:
Cumpre os requisitos específicos para títulos de grao recollidos no artigo 5 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais?	<input type="checkbox"/> Non Trátase dunha nova modalidade
	<input type="checkbox"/> Si. Indicar cales:
Departamentos que poderían participar na docencia (indicar relación)	
Incluír unha breve aínda que precisa descrición da necesidade, interese e obxectivos do grao e a súa adecuación aos requisitos que figuran artigo 4 do Decreto 222/2011	Ver documento anexo.

- A data límite para enviar a declaración de interese sobre novas propostas de GRAO que se pretendan implantar no 2021/2022 é o **20 de febreiro de 2020**.
- Enviar a verifica.grao@uvigo.es

Asunto: Declaración de interese dunha Titulación de Grado Dual.

Polo presente escrito comunicámoslle que a Xunta de Escola da EEI, na súa sesión celebrada o 19 de decembro de 2019, aprobou a declaración de interese para a posta en marcha dun Programa Dual que con unha Titulación de Grao en Enxeñaría da Automoción. A posta en marcha da Titulación está previsto desenvolve-la no vindeiro curso 2021-2022.

Sen outro particular, quedamos a súa disposición para calquera aclaración que sexa necesaria o tempo que aproveitamos para enviarlles un cordial saúdo.

En Vigo, a 20 de febreiro de 2020

Director da Escola de Enxeñaría Industrial



Juan E. Pardo Froján

Xustificación do título de grado proposto

O ritmo acelerado dos cambios tecnolóxicos que afectan á sociedade, á economía e ao emprego, están a propiciar que os modelos de traballo esteanse a transformar en case todos os sectores económicos. Isto fai que sexa necesario incorporar novos perfís profesionais con novas competencias e formación. Un dos sectores da nosa contorna onde estase a observar unha alta demanda de perfís técnicos para o desenvolvemento dos novos proxectos, como consecuencia dos grandes desafíos ó que está sometido, é o Sector da Automoción

Por outra banda, estase a detectar que a formación en España non termina de adaptarse dun xeito que cubra todas ás necesidades reais do mercado laboral e ás novas competencias necesarias na sociedade actual. Neste contexto, o desenvolvemento da Formación Dual, como ocorre noutras comunidades e noutros países, é imprescindible para afrontar os retos da empregabilidade.

A modalidade da Formación Dual é un modelo educativo innovador baseado na complementariedade da aprendizaxe entre as contornas universitario e empresarial servindo de transición entre o sistema educativo e o mundo laboral. O réxime de alternancia entre o centro e a empresa fai que a formación se adecúe ás necesidades de todos os axentes implicados. Polo tanto, con esta modalidade de formación búscase conseguir unha maior motivación no alumnado, facilitar a súa inserción laboral ao ter un maior contacto co tecido empresarial, obtención de competencias profesionais no propio lugar de traballo. Deste xeito, unha vez cursada a titulación acumularía unha verdadeira experiencia profesional que axudara a alcanzar un desenvolvemento profesional máis satisfactorio. Para a empresa tamén representa unha vantaxe, ten a posibilidade de atopar talento cualificado, diminución dos tempos de integración, aplicación de novos avances científicos e tecnolóxicos. Para a universidade supón unha continua actualización dos coñecementos, novas formas de colaboración: conferencias, visitas, proxectos de investigación...

A Titulación Dual que se propón ten como obxectivos principais, entre outros, os que se indican a continuación:

- Adquirir técnicas e capacidades que pola súa natureza e características requiren medios, organizacións e estruturas produtivas que só se dan nos escenarios empresariais.
- Contribuír a complementar os coñecementos, habilidades e destrezas adquiridos na institución educativa mediante as estancias nos centros de traballo.
- Aplicar os coñecementos adquiridos nos centros educativos en situacións reais de produción ou prestación de servizos.
- Fomentar o sentido da autonomía, creatividade e responsabilidade, posibilitando que o alumno/para aprenda a buscar solucións e resolver problemas profesionais que se lle presentan na realidade laboral.
- Coñecer a organización das empresas e as relacións laborais que se dan nas mesmas.
- Facilitar a relación e o intercambio de informacións entre o sistema educativo e o sistema produtivo